


INFORME DE SEGUIMIENTO DA INFORMACIÓN PÚBLICA

2022/2023

R1 DO-0301



Seguimento da Información Pública

Centro: Facultade de Historia

Curso académico: 2022/2023

1. Introducción

O Seguimento da Información Pública é un rexistro integrado no Sistema (R1 DO-0301 P1) denominado *Información Pública e Rendemento de Contas*, o cal se inclúe no procedemento DO-0301 P1.

A Facultade de Historia ten como obxectivo garantir que toda a información de interese do Centro e das súas titulacións sexa accesible aos distintos grupos de interese (alumnado -tanto propio como alleo-, PDI, PAS e persoas egresadas), que estea actualizada de xeito continuado e cumpra cos requisitos establecidos tanto pola Axencia para Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG), como pola Universidade de Vigo e polo propio Centro. Esta información ofrécese en tres idiomas: galego, castelán e inglés. Máis concretamente, esta terceira lingua foi incorporada en 2020 para contribuír á difusión da dita información no ámbito internacional, favorecendo con iso a posibilidade dos intercambios con centros universitarios estranxeiros en convocatorias reguladas.

Así mesmo, a Facultade de Historia conta cunha traxectoria consolidada de atención á transparencia e accesibilidade á información pública (inclusive con tres modificacións da estrutura completa da súa web), coa intención de contribuír a unha mellora continua. Na actualidade, esta está dispoñible xunto con outras canles de que dispón o Centro para poñer á disposición do alumnado -tanto previamente á elección dos estudos que vai realizar, como unha vez xa iniciados-, do PDI, o PAS e as persoas egresadas toda a información de interese do Centro e dos seus títulos académicos. A revisión e, se procede, a actualización da información pública da páxina web da facultade e das súas titulacións, realízase dun xeito continuo no decorrer do curso académico vixente, estando ao cargo da mesma o equipo decanal e a secretaría do decanato, excepto no caso do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, no que é responsabilidade da persoa coordinadora deste título. Por outra banda, desde o equipo decanal e a coordinación de Calidade tamén se empregan outras canles de difusión máis axeitadas para cada tipo de información, tal como se indica a continuación, co obxectivo de satisfacer as expectativas dos distintos grupos de interese.

Na seguinte táboa recóllense todas estas canles.

CANLES DE ACCESO	Links
Páxina web da Facultade	http://historia.uvigo.es
Páxina web do Mestrado	http://webs.uvigo.es/masterhtco3/
Páxina do servicio de Teledocencia da UVigo	https://moovi.uvigo.gal/
Facebook	https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense
Instagram	@historiaourense
Twitter	@HistoriaOurense
Youtube	Facultade Historia Ourense
Listaxes de distribución: Alumnado, PDI e PAS	
Grupo de WhatsApp (Decano con delegados/as e representantes delegación de alumnado)	
Taboleiros de anuncios da Facultade	
Pantallas de información do Edificio Facultades	

Cartelería e dípticos

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

INSCRICIÓN NO GRAO
Inscríbete a través do Programa NERTA.

- DO 15 AO 30 DE XUÑO: Solicitud anticipada de admisión
- DO 21 AO 30 DE XUÑO: Solicitud ordinaria de admisión

Prezo curso completo: 620,37€ (prezo orientativo curso 2021/22)

ACCESO AO GRAO

- PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE
- TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS
- TÍTULO TÉCNICO SUPERIOR FP
- ACCESO MAIORES 25 ANOS
- ACCESO MAIORES 45 ANOS

Na nosa web encontrarás toda a información:
historia.uvigo.es

Tamén en:
Facebook: @facultadedehistoriauvigo Instagram: @historiauvigo Twitter: @FacuHistUvigo

FAI HISTORIA CON NÓS

Facultade de Historia
GRAO PRESENCIAL EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

GRAO PRESENCIAL EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

- Formación en contidos relativos á Historia, Arte e Xeografía.
- Desde a Prehistoria ata a actualidade, abrangendo diversos espazos.
- Curriculo específico de Galicia: Historia, Arte e Xeografía.
- Posibilidade de prácticas externas en empresas e institucións: interpretación do patrimonio, arquivo, arqueoloxía, etc.
- Traballo de Fin de Grao no que se accede ás ferramentas principais de investigación.

PARA QUEN É ESTE GRAO?
Para xente coma ti, que sempre quixo estudar Xeografía e Historia

PERSOAS INTERESADAS EN:

- Culcar o noso pasado histórico
- Saber máis das investigacións artísticas
- Entender a nosa realidade social, natural e humana

E CARACTERIZADAS POR:

- TER ESPÍRITO CRÍTICO
- AFIÇÃO Á LECTURA
- POSER RESPECTO POLA DIVERSIDADE

PARA QUE CAPACITA?

- Docencia na ESO, bacharelato, ciclos formativos de grao medio, superior e universidade.
- Documentalista.
- Actividades de tratamento e análise da información.
- Facultativas/as, conservadoras/as e axudantes de arquivos, museos e bibliotecas.
- Colaboración en medios de comunicación.
- Aseor/a cultural en institucións e empresas.
- Actividades nas administracións públicas.
- Arqueoloxía.
- Xestión de recursos naturais e humanos.
- Conservación, exposición e mercado de obras de arte.
- Xestión do patrimonio histórico, natural, cultural en ámbitos institucional e empresarial.
- Planificación e xestión territorial en institucións e empresas.
- Investigación xeográfica e histórica.

POR QUE CONNOSCO?

- Atención personalizada.
- Contacto directo co profesorado responsable das materias.
- Acceso aos materiais a través da plataforma de tele docencia (MooVi).
- Ampla oferta: mobilidade, prácticas externas e TFG.
- Aviación continua.
- Un campus integrado na cidade.

Na nosa web poderás coñecer todas as materias de cada curso:
historia.uvigo.es

Facultade de Historia
Universidade de Vigo

INSCRICIÓN NO GRAO
Inscríbete a través do Programa NERTA.

- DO 15 AO 30 DE XUÑO: Solicitud anticipada de admisión
- DO 21 AO 30 DE XUÑO: Solicitud ordinaria de admisión

Prezo curso completo: 620,37€ (prezo orientativo curso 2021/22)

ACCESO AO GRAO

- PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE
- TITULADOS/AS UNIVERSITARIOS/AS
- TÍTULO TÉCNICO SUPERIOR FP
- ACCESO MAIORES 25 ANOS
- ACCESO MAIORES 45 ANOS

Na nosa web encontrarás toda a información:
historia.uvigo.es

Tamén en:
Facebook: @facultadedehistoriauvigo Instagram: @historiauvigo Twitter: @FacuHistUvigo

FAI HISTORIA CON NÓS

Facultade de Historia
GRAO SEMIPRESENCIAL EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

GRAO SEMIPRESENCIAL EN XEOGRAFÍA E HISTORIA

- Formación en contidos relativos á Historia, Arte e Xeografía.
- Desde a Prehistoria ata a actualidade, abrangendo diversos espazos.
- Curriculo específico de Galicia: Historia, Arte e Xeografía.
- Posibilidade de prácticas externas en empresas e institucións: investigación, arquivo, arqueoloxía, etc.
- Traballo de Fin de Grao no que se accede ás ferramentas principais de investigación.

PARA QUEN É ESTE GRAO?
Para xente coma ti, que sempre quixo estudar Xeografía e Historia

PERSOAS INTERESADAS EN:

- Culcar o noso pasado histórico
- Saber máis das investigacións artísticas
- Entender a nosa realidade social, natural e humana

E CARACTERIZADAS POR:

- TER ESPÍRITO CRÍTICO
- AFIÇÃO Á LECTURA
- POSER RESPECTO POLA DIVERSIDADE

QUE REQUISITOS SE PRECISAN PARA A INSCRICIÓN?

A opción á modalidade semipresencial debe xustificarse nun dos criterios seguintes:

- Laboral
- Familiar
- Atención a persoas dependentes
- Actividades deportivas de alto nivel
- Necesidades educativas especiais
- Dificultades económicas

*Posibilidade tamén de matrícula a tempo parcial (mínimo 4 materias)

Na nosa web poderás coñecer todas as materias de cada curso:
historia.uvigo.es

POR QUE CONNOSCO?

- Atención personalizada.
- Contacto directo co profesorado responsable das materias.
- Acceso aos materiais a través da plataforma de tele docencia (MooVi).
- Ampla oferta: mobilidade, prácticas externas e TFG.
- Aviación continua.
- Un campus integrado na cidade.



2. Lista de Chequeo ou verificación da Información Pública

O Seguinte *check list* recolle a información pública mínima que as titulacións/ centros deben publicar. Esta listaxe esta recollida na Guía de ACSUG: [Guía de evaluación para el seguimiento y la renovación de la acreditación de títulos oficiales de grado y máster](#)

Información Pública do centro				
INFORMACIÓN PÚBLICA	É pública	Coincide coa memoria vixente	É de fácil acceso	Enlace á web (se procede)
Descrición do profesorado (categoría, datos de contacto,...)	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/docencia/profesorado/
Descrición de outros recursos humanos necesarios e dispoñibles para o desenvolvemento do plan de estudos	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	https://historia.uvigo.es/gl/facultade/persoal-de-administracion-e-servizos/
Aulas e seminarios	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/
Laboratorios	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/
Salas de informática	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/facultad/infraestructuras-del-centro/
Salas de estudo	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/otros_servizos_gal.pdf
Biblioteca	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	https://www.uvigo.gal/universidade/biblioteca
Outros servizos dispoñibles	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/otros_servizos_gal.pdf
Espazos para os representantes do alumnado	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/images/docs/facultad/otros_servizos_gal.pdf
Órgano responsable do sistema de calidade do centro	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/facultade/organos-de-goberno/comision-de-calidade/
Política e obxectivos de calidade do centro	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/calidade/sgc/
Manual e procedementos do SGC	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/calidad/sgc/procedimientos

Información Pública da Titulación X (debe verificarse para todas as titulacións do centro)				
INFORMACIÓN PÚBLICA	É pública	Coincide coa memoria vixente	É de fácil acceso	Enlace á web (se procede)
Denominación da titulación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/doctorado-patrimonio/
Número de créditos e duración da titulación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	https://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/
Centro responsable da titulación, no seu caso, departamento o instituto	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	https://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/ http://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Coordinador/a e/ou responsable do título	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/images/docs/titulaciones/pceo/Memoria_PCEO_TURI_SMO-XH.pdf
Centro/s onde se imparte el título	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/descricion-del-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/

En caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/es participante/s	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Tipo de ensinanza	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/
Número de prazas de novo ingreso ofertadas	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/
Idiomas nos que se imparte a titulación	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Profesións reguladas para as que capacita, no seu caso	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	https://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-patrimonio/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-en-arqueoloxia/
Normativa de permanencia	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/facultad/normativa-y-formularios/
Normativa de transferencia y recoñecemento de créditos	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/facultad/normativa-y-formularios/

Memoria vixente do título	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Obxectivos do título	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/competencias/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/descricion-do-titulo/ https://historia.uvigo.es/gl/estudios/master-en-arqueoloxia/ http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/obxectivos
Competencias xerais	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descricion-del-titulo/ http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia
Competencias específicas	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descricion-del-titulo/ http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Competencias transversais	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descricion-del-titulo/ http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/informacion/competencias/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/
Criterios de acceso e admisión	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/acceso-e-admision/ http://historia.uvigo.es/gl/estudios/pceo-turismo-xeografia-e-historia/

				http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia http://historia.uvigo.es/gl/estudios/doutoramento-patrimonio/
Procedementos de acollida e orientación dos estudantes de novo ingreso	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudantes/acto-de-benvida/ http://historia.uvigo.es/es/estudiantes/orientacion-al-estudiantado/
Perfil de ingreso recomendado	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/acceso-e-admision/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia http://historia.uvigo.es/gl/estudios/doutoramento-patrimonio/
Condições ou probas de acceso especiais, se existen	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/gl/estudios/grao-en-xeografia-e-historia/descripcion-do-titulo/
Curso ponte ou de adaptación (deseño curricular, criterios e condicións de acceso), se existen	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	-
Complementos formativos necesarios, en función da formación previa acreditada polo estudiantado, se fose o caso	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	-
Estrutura do programa formativo: denominación dos módulos ou materias, contido en créditos ECTS,	<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	http://historia.uvigo.es/es/estudios/grado-en-geografia-e-historia/planificacion-academica/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/pceo-turismo-geografia-e-historia/descripcion-del-titulo/ http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-en-arqueologia/

organización temporal, carácter obrigatorio u optativo				http://historia.uvigo.es/es/estudios/master-patrimonio/
Horarios	<input type="checkbox"/> x	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> x	http://historia.uvigo.es/es/docencia/horarios/
Traballo fin de grado/máster (Comisións de avaliación, convocatorias, temáticas, etc.)	<input type="checkbox"/> x	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> x	http://historia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao/ http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-master/
Información sobre as prácticas externas, se as houberse (entidades colaboradoras,...)	<input type="checkbox"/> x	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> x	http://historia.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/
Resultados da titulación (Taxa de graduación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito, avaliación, inserción laboral)	<input type="checkbox"/> x	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> x	http://historia.uvigo.es/es/calidad/sqc/resultados-de-medicion/
Outras taxas/resultados complementarias que o título fai públicas (Informe institucional resultados Docencia)	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	-

Información Pública asociada ao SGC dos Centros da Universidade de Vigo				
INFORMACIÓN PÚBLICA	É pública	Está actualizada	É de fácil acceso	Enlace á web (se procede)
Informe de resultados anuais- Informe de Revisión pola Dirección	<input type="checkbox"/> x	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> x	http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DE-03_P1_2020-21.pdf
Informe de Coordinación	x			http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_2021-22.pdf http://historia.uvigo.es/images/docs/calidad/registros/R1_DO-0201_P1_mhtco3_2021-22.pdf
PAT	x		x	http://historia.uvigo.es/gl/estudiantes/plan-de-accion-titorial/

*Engadir outros que faga público o centro				
---	--	--	--	--

3. Resultados, análise e conclusións

Cando no ano 2017, a Facultade de Historia someteuse con éxito á Certificación do seu Sistema, un dos aspectos que a comisión avaliadora valorou moi favorablemente, foi precisamente o apartado relativo á Información Pública e Rendemento de Contas. Dende entón, un dos obxectivos prioritarios que se veñen marcando os equipos decanais da facultade (tanto o anterior coma o actual) foi non só manter este nivel, senón superalo. Sobre esta base, afrontouse nos anos seguintes unha nova reforma integral da páxina web que permitise a súa adaptación ao modelo institucional, á vez que se activaron outras redes sociais diferentes a Facebook e máis próximas ao alumnado (Instagram, Twitter e Youtube) que facilitan a difusión da información. Obviamente, a actualización da web require dun traballo constante, que non só recolle as innovacións da planificación docente, senón tamén de todas as posibles convocatorias e noticias que podan resultar de interese para a nosa comunidade. Esta mesma liña de actuación aplícase a todas as redes sociais. Así que o noso Centro cumpre na actualidade con todas as esixencias referidas a este ámbito coma ao rendemento de contas.

Esta afirmación é posible validala a través de dous mecanismos. O primeiro, consiste nas enquisas de satisfacción que cumprimenta o PDI e o PAS (bianualmente) e o alumnado de 3.º curso do grao e todo o do mestrado de 1.ª matrícula, a través das cales se valora o seu nivel de satisfacción coa información pública. O segundo consiste na análise que se realiza anualmente con motivo da elaboración do Informe de Revisión pola Dirección, no que se examinan todas as titulacións que se imparten no Centro, inclusive o estado da información pública. Os resultados procedentes de ambos os dous procesos deben ser analizados, cando proceda, pola Comisión de Calidade e, no caso de ser preciso, implementar as melloras correspondentes que deberán ser aprobadas pola Xunta de Facultade. Todos os informes que se elaboren referidos aos títulos fanse públicos na web do Centro; e no caso de procesos de carácter extraordinario, como a Acreditación dun título ou a Certificación do Sistema, todos os documentos que sexan xerados serán, así mesmo, feitos públicos na web do Centro ou do mestrado.

Outras circunstancias máis ocasionais, pero de gran importancia para a xestión do Centro, como son os procesos electorais, tamén se publicitan na web do Centro a medida que se vai avanzando, desde o calendario ata a proclamación das/os candidatas/os e os resultados finais.